

Libros prohibidos

Xa non se volven ulir da mesma maneira as rúas de Santiago de Compostela despois de ler *Festina lente*, de Marcos S. Calveiro (1968). Nas súas páxinas abáfanos o fedor de ouriños, de bestas e humanos, que asolagan as rúas que pisa, nos séculos XVI e XVII, o encadernador Ambrosio Cavaleiro. Fedor asemade da Inquisición, do poderoso cabido de Compostela, e das controladoras confrarías de xastres, canteiros, carniceiros e zapateiros, a vixiar movementos e pensamentos ata converter Compostela nunha cidade enferma, como cando fechaba as nove portas da muralla por mor do andazo.

Nesta engaiolante novela histórica percorreremos canda Ambrosio unha viaxe de iniciación. A necesidade de saber do seu afastado pero nunca esquecido pai, lévao á descuberta do destino de quen enrolou nunha leva dos Andrade, embarcou na Coruña e afogou no desastre da Armada. Definitivamente, a procura do lugar de seu no mundo vincúlao ao encadernador Luaces,

No obradoiro da rúa da Armada



LAURA CAVEIRO

doiro da rúa da Armada. Daquela, o abafante taller, con trapela no chan para agochar libros prohibidos, resulta ser o lugar de Ambrosio Cavaleiro no mundo. Lugar dende onde contemplar a

UNHA ENGAIOLANTE
NOVELA HISTÓRICA,
NARRADA DESDE
UNHA PROSA
REQUINTADA

vida como un ermitán, dende onde contemplar ao paxe do Deán, e soñar que tras das amadas pegadas do paxe agroma unha pradaría de lirios brancos, coma os que en pan de ouro e minio iluminaban os códices amoados no obradoiro. Simbólicos lirios, dun paraíso inacadábel, a medrar entre as lastras da

vizioso labor de documentación, aínda resalta máis a linguaxe de perfecta sonoridade coa que se vai debullando a intriga do códice das tres serpes, do contrabando de libros e dos crimes no mundo dos canteiros. Tan cheo de atractivo como o estilo de Marcos Calveiro semella o significado, “corre amodo”, dese *Festina lente*. Se o título é o lema dun impresor, Aldo Manuzio, que o tomara á súa vez dunha moeda de Vespasiano, a requintada prosa de Marcos S. Calveiro, mesmo adobiada con ecos de documentos da época, é inusual no actual panorama narrativo de noso.

Coa fórmula dun grande fresco social, dende os mercados barulleiros inzados de postos e xentes, os peregrinos, o Hospital Real, as festas da Ascensión, as reliquias da cristiandade, as festas do Apóstolo, ata o Santo Oficio ou a praza onde é queimada unha muller por xacer co díaño, un narrador en terceira persoa vai botando cor sobre a armazón da novela. Aos poucos vaise retratando un protagonista homosexual, teimudo, e solitario. Ambrosio Cavaleiro chegará a ser un misántropo co paso do tempo, fiel ao seu amor aos libros, e a quen lle fixo tremer a man un día ao tomar nota do feitizo de namorar, aquel que fala de cortar unha póla de acivro na media noite do San Xoán e mergullala no mar baixo trece ondas. Feitizo co que nunca chegou Ambrosio a tocar o corazón do paxe amado, nun ermo de sedución.

Como tampouco chegaremos a coñecer o significado das palabras dos iniciados que a si mesmos se chamaban lavancos, a secreta xerga da confraría de construtores que só eles entendían. Impedimento ningún, máis ben ao contrario, para que a sedución literaria de *Festina lente* nos arrastre unha e outra vez cara ás súas páxinas, impulsados polas trece ondas nas que se mergullou o acivro.

CALVEIRO, Marcos S.,
Festina lente, Ed. Xerais,
Vigo, 2008, 286 páxinas.

quen non só lle ensina un oficio e o peso das convencións, senón que tamén lle deixa en herdanza o seu obra-

rúa da Armada, no inferno da invernia.

A trama, sostida cun

